



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

### RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS FORESTAIS – SUBVENCIÓN PEL DIPUTACIÓN 2023

Visto a Resolución de Presidencia da Deputación da Coruña número 2023/39428 de 17/01/2023 pola que se aprobaron as bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2023.

Considerando a Resolución número 2023/11484 pola que se aproba a axuda para a contratación de 4 peóns forestais por un período de 4 meses.

De conformidade co artigo 21.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a convocatoria do proceso selectivo, mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ordes para a contratación laboral temporal de 2 peóns forestais, mediante o sistema de concurso-oposición (nesta convocatoria executaranse dúas prazas, quedando as outras dúas para unha convocatoria posterior)

**Segundo.-** Aprobar as bases que se unen como anexo, que rexerán o procedemento de selección para a contratación de 2 peóns forestais, mediante o sistema de concurso-oposición, a tales efectos, iniciar os trámites procedimentais tendentes á devandita selección:

#### **BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE DESEMPREGADOS/AS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS FORESTAIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

##### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de selección de desempregados/as, en risco de exclusión social para a súa posterior contratación no marco da subvención que lle foi concedida a este concello pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar o emprego nos concellos a través da execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos servizos mínimos municipais (BOP número 13, de 19 de xaneiro de 2023 Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2023 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia) e que se concreta na contratación laboral temporal, de 4 peóns forestais, dos que nesta convocatoria se executan dúas prazas, quedando as outras dúas para unha convocatoria posterior.

##### **Segunda.- Funcións.**



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

As tarefas a realizar serán as de actuacións de limpeza viaria, conservación, mantemento e limpeza de áreas recreativas, parques, xardíns e prazas, barrido de rúas e beirarrúas, limpeza de sumidoiros e de mobiliario de titularidade municipal e aqueles que se lles encomenden relacionados co posto de traballo.

### **Terceira.- Xornada laboral**

Será a xornada completa de 40 horas semanais , 8 horas /día) e axustada ás necesidades e organización do servizo, cos descansos semanais que lles correspondan.

### **Cuarto.- Duración e modalidade de contrato**

A duración dos contratos será de 4 meses, en todo caso, como máximo ata o 31/12/2023 tal como establecen as bases da Deputación da Coruña. A contratación será de carácter laboral temporal, na modalidade de obra ou servizo de duración determinada (Disposición Transitoria Cuarta do Real Decreto Ley 32/2021, de 28 de decembro).

### **Quinta.- Publicidade**

As presentes bases de selección e demais anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello <https://frades.gal>

### **Sexta.- Requisitos dos/as aspirantes.**

#### **1.- Requisitos xerais.**

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán estar preseleccionados/as como candidatos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de conformidade coa oferta de emprego presentada polo concello, e reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser candidato/a remitido/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- b) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión de credencial que acredite a súa homologación.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

- d) Estar en posesión do permiso de condución B.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.
- f) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- g) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega, Celga 1. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, realizarase unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

**2.- Requisitos específicos**, segundo o disposto na base 4.2 das bases específicas do programa PEL-Concellos 2023 os/as aspirantes deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou á data da convocatoria e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral que deberán acreditar no prazo de presentación da solicitudes mediante a documentación que tamén se indica:

Situación de exclusión	Documentación a achegar
Mulleres	Fotocopia do DNI
Maiores de 45 anos	
Persoas paradas de longa duración (mínimo 1 ano como demandante emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Persoas en situación de drogodependencia	Informe de servizos sociais.
Persoas con fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas sen fogar	
Persoas vítimas violencia de xénero	

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

### Sétima.- Selección dos aspirantes.

O Concello presentará a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, solicitando traballadores/as para a súa selección. O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes. O Servizo Público de Emprego aportará alo menos 2 candidatos e non mais de 10, remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos candidatos remitidos, sempre en cando cumbran os requisitos establecidos na base sexta.

O Servizo Público de Emprego de Galicia enviará a lista de candidatos preseleccionados ao Concello de Frades para a súa selección, na que non poderán participar aqueles candidatos que non figuren en dita lista.

O Concello elaborará unha lista de reserva, con aqueles candidatos que superando o proceso selectivo non foran seleccionados para a súa contratación, por orde de puntuación de maior a menor para utilizala no período de duración do contrato, no caso de que o aspirante seleccionado non poda asinar o contrato.

### Oitava.- Presentación de solicitudes.

As persoas que habendo recibido a comunicación do concello de que foron preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Frades segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello de Frades, así como en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Da comunicación que realice o concello ao candidato que figure na relación do Servizo Público de Emprego, deberá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustificase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte co/coa candidato/a bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia.

O prazo de presentación de solicitudes será de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte en que reciba a comunicación do concello de que foi preseleccionado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

No caso de presentarse a documentación nun rexistro diferente ao do concello de Frades, deberá remitirse escaneada a solicitude coa totalidade da documentación presentada co devandito número de rexistro ao correo electrónico do concello [correo@frades.ga](mailto:correo@frades.ga)

As/os interesados/as deberán presentar a solicitude de participación segundo o anexo I destas bases acompañada de copia simple da seguinte documentación:

-	DNI.
-	Tarxeta de demandante de emprego actualizada.
-	Titulación esixida na base cuarta.
-	Permiso de conducción B.
-	Certificado CELGA 1 ou equivalente, de ser o caso.

Presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal ao aspirante que finalmente sexa seleccionado. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso selectivo.

1. Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se e o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Frades. e na web municipal.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **2 días hábiles**, dende a publicación da antedita resolución para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

2. Posteriormente, declararase aprobada mediante resolución a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

No caso de non existiren aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, na que se determinará a composición e a data de reunión do Tribunal cualificador para valorar os méritos, así como a data e hora de realización das probas, que será igualmente publicada do mesmo xeito que a lista provisional .

### **Novena.- Oitava. Tribunal cualificador.**

O tribunal cualificador nomearase no mesmo decreto no que se aprrobe a lista de aspirantes admitidos.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alo menos tres dos seus membros). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente o do Secretario.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

### **Décima.- Procedemento e selección dos/as aspirantes.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

#### **PRIMEIRA FASE: CONCURSO. PUNTUACIÓN MÁXIMA DE CINCO (5) PUNTOS**

No concurso, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse cada colectivo ao que pertenza o aspirante, así como a formación.

##### **A. Baremación da situación de colectivo específico**

Valorarase cada un deles a razón de 0,75 puntos, sendo acumulativos. O máximo a acadar neste apartado serán **3 puntos**.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Colectivo	Puntuación
Mulleres	0,75
Maiores de 45 anos cumpridos	0,75
Parados/as de longa duración ( aquelas persoas que leven máis de 1 ano como demandantes de emprego)	0,75
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ó 33%	0,75
Persoas en situación de drogodependencia	0,75
Persoas que vivan nun fogar onde ningún teña emprego	0,75
Persoas con fogar monoparental/monomarental	0,75
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	0,75
Persoas vítimas de violencia de xénero	0,75
Persoas sen fogar	0,75

Para isto as persoas candidatas deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ou colectivos ós que pertencen.

### B. Formación. Máximo 2 puntos

Segundo as bases do Programa PEL-Concellos 2023 aprobadas pola Deputación da Coruña, que sinala que no proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, este apartado será valorado do seguinte xeito:

□ Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas Administracións Públicas, e con acabado favorable, relacionados coas tarefas a desenvolver no posto ofertado: 0,50 puntos, por cada programa acabados favorablemente, cun máximo de 1 punto.

□ Por cursos realizados polos aspirantes, en calidade de alumnos, relacionados co posto de traballo a ocupar, e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública. A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto. Non se valorarán os cursos cunha duración inferior a dez horas.

Horas	Puntuación
10 a 24 horas	0,5
25 a 49 horas	0,15



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

50 a 74 horas	0,20
75 a 99 horas	0,25
100 a 149 horas	0,30
150 horas ou máis	0,35

- Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas nin cursos de informática.
  
- As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma ou certificado expedido ou homologado por organismos oficiais no que deberá constar expresamente o número de horas e un resumo das materias impartidas.

### **SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA DEZ (10) PUNTOS**

A fase de oposición será de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización de dous exercicios:

- a) Primeiro exercicio: consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.
  
- b) Segundo exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega. Esta proba cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A, quedando eliminados/as os/as aspirantes que non acaden a cualificación de apto. Estarán exentos da realización deste exame os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 1 ou documento equivalente.

### **Undécima.- Relación de aprobados e proposta de designación.**

A puntuación final e da orde de cualificación dos aspirantes aprobados, virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición.

Para o caso de existir empate nas puntuacións dos aspirantes, establécense como criterios de desempate, a aplicar na orde que se indica, os seguintes:

- Maior puntuación acadada no baremo do colectivo de exclusión laboral.
- Maior puntuación obtida na fase de oposición.
- Maior puntuación acadada na fase de formación





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica <https://frades.sedelectronica.gal/> e na páxina web municipal <https://frades.gal/> a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que figuren con maior puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria, constituíndo o resto de aspirantes aprobados, lista de reserva.

Esta lista de reserva terá efectos para a cobertura de renuncias, baixas ou non acreditación de documentos orixinais ou copias cotexadas por parte das persoas candidatas nomeadas para o posto de traballo, en relación coa contratación vinculada ao procedemento obxecto destas bases, non outorgando aos integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

### **Duodécima.- Designación e formalización de contrato.**

Os aspirantes propostos presentarán, no prazo de **1 día hábil**, contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos seguintes:

- Documentos orixinais ou cotexados dos presentados no momento da solicitude.
- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das tarefas
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada..
- Certificado de conta bancaria.

Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

### **Décimo terceira.- Réxime xurídico aplicable.**

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015 e na Lei 29/1998.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección, fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativa, o réxime xurídico dos contratos será o da



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

---

lexislación laboral, correspondente aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do cumprimento dos mesmos.(...)

**Terceiro.-** Publicar a presente resolución e o texto íntegro das bases no tablón de anuncios e na páxina web do Concello de Frades.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

Frades, 4 de xullo de 2023

Asdo dixitalmente  
Roberto Rey Martínez  
ALCALDE PRESIDENTE

**ANEXO I**

**MODELO DE SOLICITUDE**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

### Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
Enderezo:			
Concello:	Provincia:	Nacionalidade:	
Teléfono:	Enderezo electrónico:		

Tendo coñecemento da convocatoria do Concello de Frades para a provisión de peóns forestais,

**SOLICITO**, tomar parte no proceso selectivo e,

**DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios sinalados na presente convocatoria.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (sinale cun X):

Situación de exclusión	Documentación a achegar
Mulleres	Fotocopia DNI
Maiores de 45 anos	
Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 1 ano inscrita como demandante emprego)	Informe de vida laboral actualizada
Persoas con discapacidade, grao igual ou superior ao 33%	Fotocopia do certificado de discapacidade, expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia	Informe de servizos sociais do Concello onde reside
Persoas con fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas sen fogar	
Persoas vítimas violencia de xénero	
<b>Outra documentación</b>	
DNI	
Tarxeta de demandante de emprego	



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

	Certificado de escolaridade ou equivalente.
	Permiso de conducir.B
	Certificado do Celga 1, equivalente ou superior, se é o caso
	Documentación xustificativa dos méritos que aleguen (formación)
	Declaración responsable de que non está incurso en ningún dos xupostos recollidos nos puntos d), e), f) da base sexta (Anexo II).

Frades, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

(sinatura)

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FRADES**

### ANEXO II

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

### Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
Enderezo:			
Concello:	Provincia:	Nacionalidade:	
Teléfono:	Enderezo electrónico:		

### DECLARO:

1. Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que opto, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo.
2. Que non fun separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
3. Que non me atopo afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Frades, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

(sinatura)